



## COMISIÓN PERMANENTE DA XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 18 DE DECEMBRO DE 2019

### Acórdase por asentimento<sup>1</sup>:

1. Aprobar a acta da reunión ordinaria do día 21 de novembro de 2019.
2. Aprobar os Informes finais de avaliación do PAT do curso 2018-2019 no Grao en Dereito e no Mestrado universitario en avogacía.
3. Aprobar os Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía do curso 2018-2019.
4. Aprobar a listaxe provisional de propostas temáticas para o Traballo de Fin de Grao do curso académico 2019-2020.
5. Elevar a definitiva a listaxe provisional de propostas temáticas para o Traballo de Fin de Grao no caso de non presentarse ningunha reclamación no prazo de cinco días lectivos.
6. Que o alumnado que solicitou a defensa do Traballo de Fin de Grao nunha convocatoria e finalmente non poida defendelo, se na seguinte convocatoria non desexa introducir modificación algunha no texto do TFG, presente na Área de Grao, tras a nova solicitude telemática, un escrito dirixido aos membros do tribunal avaliador no que faga constar a súa situación e solicite que, ao coincidir a versión final do TFG coa presentada anteriormente, se consideren xa entregados os catro exemplares que esixe o Regulamento para elaborar o TFG en Dereito.
7. Interpretar o art. 5.4 do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito no sentido de entender que se a/o estudante non presenta a proposta temática no prazo establecido non se manteña tampouco a asignación da persoa titora no seguinte curso académico.

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Comisión Permanente da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 18 de decembro de 2019, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios da Facultade o día 19 de decembro de 2019.

A Secretaria da Facultade de Dereito  
Asinado dixitalmente  
Concepción Martínez Martínez

Contra os presentes acordos, que non esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Consello de Goberno de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

<sup>1</sup> Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.